



CONVOCATORIA DE MOBILIDADE PARA ESTUDANTES SAÍNTES – MOBILIDADES ENTRE PAÍSES DO PROGRAMA – ERASMUS + (KA103)

CONVOCATORIA DO CURSO 2021-2022

A EASD Mestre Mateo fai pública a presente convocatoria de axudas para a Mobilidade de Estudantes de Estudos Superiores de Deseño correspondente ao curso 2021/2022, no marco do programa Erasmus+ KA103 entre países do programa. Este programa desenvólvese grazas á aprobación por parte da Comisión Europea das Mobilidades de estudantes e persoal entre países do programa, xestionado polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE).

Obxectivos

O obxectivo desta convocatoria é a selección das persoas beneficiarias para a súa participación no curso 2021/2022 nos programas Erasmus + da Acción clave 1: Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

O alumnado seleccionado cursará en institucións socias de países europeos, durante o 1º semestre do curso 2021/2022, os 30 créditos ECTS correspondentes ás materias optativas do 4º curso de Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño.

Requisitos da convocatoria

Xerais

Posuír a nacionalidade dun dos países participantes no Programa Erasmus+ ou estar a persoa solicitante recoñecida polo país onde reside como refuxiada, apátrida ou residente permanente.

Específicos

Formar parte do alumnado das Ensinanzas Artísticas Superiores de Deseño con 100 créditos ECTS superados no momento de realizar a solicitude.

Para poder asinar o convenio Erasmus serán requisitos imprescindibles que a alumna ou alumno teña superados en Xullo de 2021 (tras a convocatoria extraordinaria de 3º curso):

1º – Como mínimo 140 créditos ECTS.

2º – Todas as materias de 1º curso.

3º – Os créditos asociados á materia de Proxecto de Deseño de Moda (disciplinas

Deseño de Moda II e **Proxectos de Deseño de Moda**) ou Proxectos de produtos e de sistemas (disciplina: **Proxectos de Deseño de ProdutoII**).

4º – Será tamén imprescindible non estar en situación de 5ª convocatoria en ningunha materia para o curso seguinte.



Idiomas

As persoas candidatas deben acreditar documentalmentemente, no momento da solicitude, os coñecementos de idiomas segundo a lingua utilizada polo centro de acollida.

Os niveis de acreditación segundo esixencia das institucións dos países de destino son:

- Polonia: nivel B1 de inglés.
- Portugal: nivel B1 de portugués*.
- Italia: nivel B1 de italiano*.
- Alemaña: nivel A2/B1 de alemán ou B2 de inglés.
- Francia: nivel B2 de francés ou inglés.
- República Checa: nivel B2 de inglés ou checo.

*Nestes casos a titulación acreditativa non será necesaria para realizar a mobilidade, pero si se valorarán na baremación de cara á selección.

Centros de destino e prazas

- As estadias deberán realizarse nunha institución de educación superior coa que exista un convenio para a mobilidade asinado para o curso 2021/2022.
- O número de prazas e destinos varía cada ano e é diferente para cada centro de acollida.
- **MOI IMPORTANTE A TER EN CONTA:** Algunhas das institucións socias realizan **procesos de selección propios** despois das nominacións por parte da Mestre Mateo, e a aceptación por parte das mesmas non está garantida pola selección feita aquí. Normalmente está condicionada ao envío dunha solicitude e outra documentación por parte da persoa interesada, polo xeral un portfolio e unha carta de motivación, e a admisión pola institución de acollida prodúcese despois da selección da EASD Mestre Mateo e non está condicionada por esta. É responsabilidade das persoas seleccionadas cumprir cos requisitos das institucións de destino.
- O número de prazas ofertadas indica o número de estudantes que cada universidade socia está disposta a aceptar. Non significa que se poidan enviar ese número de estudantes a todas elas.
- Co eido do bo funcionamento da EASD Mestre Mateo existe un límite no número de persoas que poden ser seleccionadas para realizar mobilidades: non se permitirá un número de mobilidades superior ao 40% da totalidade das persoas matriculadas no 4º curso de cada un dos Estudos Superiores de Deseño.

As prazas que se poden solicitar para as mobilidades do vindeiro curso son:

- **Deseño de Produto**

INSTITUCIÓN	LOCALIDADE	DURACIÓN	PAZAS
JAN MATEJKO ACADEMY OF FINE ARTS IN	Cracovia, Polonia	1º Semestre,	2



KRAKOW PL KRAKOW10 http://www.asp.krakow.pl/		5 meses	
ACCADEMIA DI BELLE ARTI DI BRERA – MILANO I MILANO08 http://www.accademiadibrera.milano.it/	Milán, Italia	1º Semestre, 5 meses	2
ÉCOLE SUPÉRIEURE D'ART ET DE DESIGN – ORLEANS F ORLEANS13 http://esad-orleans.fr/	Orleáns, Francia	1º Semestre, 5 meses	2
MUTHESIUS KUNSTHOCHSCHULE D KIEL05 http://www.muthesius-kunsthochschule.de/	Kiel, Alemania	1º Semestre, 5 meses	2
HOSCHSCHULE NIEDERRHEIN D KREFELD01 http://www.hs-niederrhein.de/	Krefeld, Alemania	1º Semestre, 5 meses	2
UNIVERSITY OF WEST BOHEMIA CZ PLZEN01 http://www.zcu.cz/en	Pilsen, Rep. Checa	1º Semestre, 5 meses	1
UNIVERSITÀ DI CAMERINO I CAMERINO1 http://www.unicam.it/	Camerino, Italia	1º Semestre, 5 meses	3
ESAD – Escola Superior de Artes e Design P MATOSIN01 http://www.esad.pt/	Matosinhos, Portugal	1º Semestre, 5 meses	1

• **Deseño de Moda**

INSTITUCIÓN	LOCALIDADE	DURACIÓN	PRAZAS
UNIVERSIDADE EUROPEIA – IADE P LISBOA08 http://www.iade.pt/	Lisboa, Portugal	1º Semestre, 5 meses	3
ACCADEMIA DI BELLE ARTI DI BRERA I MILANO08 http://www.accademiadibrera.milano.it/	Milán, Italia	1º Semestre, 5 meses	1
ESAD – Escola Superior de Artes e Design P MATOSIN01 http://www.esad.pt/	Matosinhos, Portugal	1º Semestre, 5 meses	1
ACCADEMIA DELLA MODA I NAPOLI13 http://www.accademiadimoda.it/	Nápoles, Italia	1º Semestre, 5 meses	2
HOSCHSCHULE NIEDERRHEIN D KREFELD01 http://www.hs-niederrhein.de/	Krefeld, Alemania	1º Semestre, 5 meses	2
UNIVERSITY OF WEST BOHEMIA CZ PLZEN01 http://www.zcu.cz/en	Pilsen, Rep. Checa	1º Semestre, 5 meses	1
Accademia di Belle Arti I MACERATO2 http://www.abamc.it/	Macerata, Italia	1º Semestre 5 meses	3



Estadías – duración

As estadías terán unha duración cuadrimestral e realizaranse no primeiro cuadrimestre do curso 2021/2022.

Cada estudante conta en total con 12 meses de mobilidade Erasmus+ por ciclo de estudos. Se a persoa solicitante xa realizou unha mobilidade anteriormente, ben de estudos ou de prácticas, os meses que permaneceu fóra serán descontados do tempo que pode permanecer nesta quenda.

Os meses disfrutados de mobilidade Erasmus+ con finalidade de estudos computan á hora de calcular o número de meses que se poderían facer de prácticas.

Axudas e contías

Existe unha vía de financiamento xestionada polo *Servicio Español para la Internacionalización de la Educación* (SEPIE), por un máximo de 5 meses e un mínimo de 3. O importe das axudas dependerá do nivel de vida do país de destino, segundo os tres grupos que se amosan a continuación:

Grupos	Países	Asignación
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Suecia	300 €/mes
Grupo 2	Alemania, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	250 €/mes
Grupo 3	República de Macedonia do Norte, Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Polonia, República Checa, Rumanía, Serbia, Turquía	200 €/mes

No curso 2020/21 as mobilidades virtuais (é dicir as realizadas online dende o país de orixe do estudante) non obtiveron financiación europea. As mobilidades combinadas só obtiveron financiación para o período de mobilidade física no país de acollida e sempre e cando este fose como mínimo de 3 meses de duración.

As persoas que recibiran no presente curso 2020/2021 unha **beca xeral do Ministerio** recibirán unha **cantidade adicional de 200€** ó mes (esta cantidade pode variar de ano en ano).

Para poder recibir esta axuda as persoas beneficiarias deberán presentar na Oficina Internacional o xustificante de ter recibido a beca tan pronto o reciban (mellor se o poden presentar canda a solicitude).

Para garantir a igualdade de acceso e oportunidades, no caso de persoas con necesidades especiais (persoas cuxa situación individual, física, mental ou de enfermidade lle impida participar nos proxectos de mobilidade sen apoios



financeiros), existe a posibilidade dunha subvención adicional baseada en costes reais. Esta axuda adicional deberá solicitarse independentemente despois de finalizado o proceso de selección.

No caso de que a estancia sexa de entre 3 e 5 meses (meses incompletos), a axuda financeira calcularase multiplicando o número de días do mes incompleto por 1/30 da axuda mensual.

Durante a súa mobilidade a/o estudante seguirá disfrutando das becas ou préstamos con fins educativos que podería obter normalmente para estudar na Escola.

As axudas de mobilidade Erasmus+ son complementarias aos sistemas autonómicos, incluídos os que ofrecen unha compensación polos gastos adicionais dos estudos ou prácticas que se realizan no estranxeiro.

A axuda é para contribuir a sufragar os gastos adicionais aos que tedes aquí, e na maioría dos casos non cubre a totalidade dos custos das estancias no estranxeiro. O candidato ou candidata seleccionada pode renunciar libremente a estas axudas.

Solicitud e documentación

A persoa solicitante deberá presentar a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude impreso e asinado dispoñible no Anexo I desta convocatoria que se pode descargar na mesma páxina web: <http://www.easd.es/gal/internacional/erasmus-/outgoing/estudios-sms>. Os destinos solicítanse por orde de preferencia entre as prazas ofertadas para as Ensinanzas Superiores de Deseño de cada especialidade.
- Documentación acreditativa de coñecementos de idiomas e/ou doutros méritos que se quixeran facer valer (premios, voluntariado, outras titulacións).
- Xustificante de ter recibido unha beca do Ministerio no curso 2020/2021 (no seu caso, se non o tes podes presentalo cando o recibas).

A secretaría da Escola xuntará á solicitude de cada persoa candidata a seguinte documentación:

- Certificado de expediente académico no que conste a nota media do expediente: nota media de acordo coas normas establecidas na Orde o 30 de setembro de 2010 (DOG do 8 de outubro). Non se terán en conta as disciplinas nas que non conste cualificación numérica.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes

- As solicitudes enviaranse por correo electrónico á Secretaría da Escola ao correo matricula@easd.es
- A data límite é o **26 de febreiro de 2021**, ás 14:00h.
- Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.



Criterios de selección e puntuación

As solicitudes serán baremadas do seguinte xeito: recibirán unha puntuación máxima de 10 puntos, dos cales:

1. Un máximo de 7 puntos corresponderase coa nota media do expediente académico.
2. Un máximo de 2,5 puntos corresponderase co coñecemento de idiomas*
3. Un máximo de 0,5 puntos corresponderase con outros méritos (artísticos, académicos, lingüísticos, laborais e de voluntariado).

*Cualificarase segundo a seguinte táboa, a partir da escala do MCERL, por cada lingua na que acredite a competencia lingüística:

Idioma no que se impartan as clases na Institución de destino solicitada				
A2	B1	B2	C1	C2
0,5	1	1,5	2	2,5
Outro idioma estranxeiro				
A2	B1	B2	C1	C2
0,25	0,5	0,75	1	1,25

Resolución

1. A proposta de adxudicación de prazas por parte da Comisión seleccionadora incluíra as listaxes de suplentes e solicitudes excluídas, xunto co motivo da exclusión. Farase pública no taboleiro de anuncios do centro.
2. No caso de empate de puntos, a Comisión seleccionadora valorará o número e o carácter das materias pendentes (Obrigatoria da Especialidade ou Optativa). Producirase desempate en favor da persoa con menos materias obrigatorias pendentes. En segundo lugar, producirase desempate a favor da persoa con mellor nota media no expediente académico.
3. Contra a proposta de selección e a listaxe de suplentes poderase presentar reclamación mediante instancia dirixida á presidencia da Comisión de Selección do centro no prazo dun día dende a publicación.
4. Transcorrido o prazo de reclamacións e logo de se resolveren, a proposta definitiva de selección e a listaxe de suplentes publicaranse no taboleiro de anuncios do centro e na páxina web. A secretaría da dita comisión enviará a proposta definitiva de selección á dirección do centro.
5. A proposta definitiva de selección de estudantes suporá a aprobación provisional polo centro do acordo de estudos, pendente da realización da matrícula en tempo e forma, así como de cumprir a persoa seleccionada os requisitos de número de créditos ECTS aprobados na convocatoria ordinaria de 3º e os requisitos de acceso ao 4º curso das ensinanzas.
6. A adxudicación definitiva da axuda dependerá da aceptación da ou do



estudiante por parte do centro de destino solicitado, que deberá realizarse en tempo e forma segundo as normas da propia institución.

7. A adxudicación definitiva das axudas dependerá asimesmo da adxudicación de bolsas por parte da Axencia Nacional, SEPIE.

Aceptación e renuncia

Unha vez publicadas as listaxes definitivas, as persoas seleccionadas deberán formalizar a aceptación ou renuncia do destino adxudicado presentando o modelo do Anexo II, e sempre antes do prazo límite requirido polo centro de destino, e en ningún caso será antes da adxudicación de axudas por parte do SEPIE.

As persoas que non presentaren a súa aceptación ou renuncia decaerán dos seus dereitos e ocuparán o seu lugar as posibles persoas suplentes.

Recoñecemento académico

Os créditos cursados terán pleno recoñecemento académico, según o asinado no acordo de estudos online (Online Learning Agreement) que se asina polo estudante, a Escola e o centro de destino antes do inicio da mobilidade e que conta co visto e prace da xefatura do departamento didáctico correspondente, dentro do máximo de créditos ECTS que nos que estea matriculado o alumnado na EASD Mestre Mateo nese período de estudos. Este recoñecemento se denegará se a estudante non acada o nivel esixido no centro de destino ou non cumpre os prazos e termos acordados.

Pagamento das axudas

Para recibir a axuda do SEPIE, o bolseiro ou bolseira deberá asinar un convenio financeiro **antes** da súa incorporación ao centro de destino, ou ben en Xullo ou ben en Setembro. O pagamento desta axuda será realizado pola Coordinación Erasmus en dúas fases, vinculadas á recepción de certa documentación, do xeito que segue:

- primeiro pago do 80% do importe total da beca unha vez presentada toda a documentación necesaria incluído o certificado de chegada.
- liquidación do 20% restante tras a entrega da documentación solicitada ao regreso.

O abono das axudas realizarase exclusivamente mediante transferencia bancaria a contas correntes situadas en España, e os seus titulares ou cotitulares deberán ser necesariamente as persoas beneficiarias das mesmas.

Seguros

É responsabilidade da bolseira ou bolseiro tramitar a **Tarxeta sanitaria europea** ou subscribir ao seu cargo un seguro para cubrir as continxencias no país de destino.

Se o alumnado seleccionado ou os seus proxenitores son beneficiarios da Seguridade Social, deben dirixirse as oficinas do INSS para solicitar a TSE.

Aquelas persoas aseguradas en mutuas ou seguros privados deben dirixirse a elas para obter a cobertura médica no estranxeiro.



Non obstante o anterior, a Escola proporcionará as persoas que fagan mobilidades un seguro básico de viaxes que cubre accidentes e responsabilidade civil.
A EASD Mestre Mateo non será responsable dos danos ocasionados e débedas contraídas polos estudantes durante o período da súa estadía Erasmus+.

Obrigas das persoas bolseiras

Logo de aceptar a bolsa, a persoa comprométese a:

1. Antes da partida:

- Aboar as taxas de matrícula e o seguro escolar na EASD Mestre Mateo, de Santiago de Compostela.
- Contactar coa Coordinadora de Programas Internacionais da Escola para recibir información sobre o centro de destino.
- Elaborar, co asesoramento da xefa ou xefe de departamento e da coordinadora de Programas Internacionais, un **acordo de estudos online** (Online Learning Agreement) a través dunha ligazón que lles chegará por correo electrónico.
- Instalar a aplicación gratuíta Erasmus+ App, dispoñible en Google Play e App Store. A través dela poderá recibir notificacións da Oficina de Mobilidade e consultar información sobre documentación e prazos tanto da Escola como da universidade de acollida.
- Presentar a Application Form que esixa a Institución de destino en tempo e forma, coa documentación que lle sexa requirida.
- Realizar un Portfolio e/ou unha presentación dixital dos seus traballos co visto e prace da xefa ou xefe do Departamento das Ensinazas Artísticas Superiores de Deseño correspondente, se así o esixe a Institución de Destino.
- Asinar por duplicado o Convenio, esixido polo SEPIE, onde se recollen as obrigas das partes na administración de fondos comunitarios
- Acreditar a vixencia dos Seguros antes da súa viaxe.
- Proporcionar unha certificación bancaria dunha conta ao seu nome á Oficina Internacional da Escola.
- Proporcionar un xustificante de ter recibido unha beca do Ministerio, no seu caso.
- Realizar o examen de nivel de idioma online OLS que lle chegará por correo electrónico.

2. Durante a estadía no centro de destino:

- Na primeira semana dende a incorporación no destino, debe remitir por correo electrónico a Certificación de Chegada debidamente asinada e selada. Este documento pode ser descargado da páxina web da Escola.
- Manter o contacto directo periódico coa Coordinadora de Programas Internacionais a través do enderezo electrónico.
- Enviar material gráfico da mobilidade á Coordinadora para poder facer publicidade.
- Permanecer no destino ata o final do período previsto e realizar os estudos, presentarse aos exames e someterse ás normas do centro de destino en canto



aos requisitos de conduta.

3. Finalizado o período de mobilidade na Institución de destino,

- No prazo máximo dun mes tras finalizar a estadía, achegarlle á Coordinadora de Programas Internacionais o Certificado de Estadía con data, sinatura e selo da institución, así coma as notas obtidas na institución de acollida.
- Realizar o Informe final (enquisa online).
- Realizar o exame OLS de fin de mobilidade (fines estadísticos), se procede.
- Enviar material gráfico (fotografías, vídeos, blogs) para a súa promoción por parte da Escola.

Incumprimento

- As renuncias que se produzan fóra do prazo establecido e sen xustificación serán motivo de exclusión en posteriores convocatorias e obrigarán á devolución do importe da axuda recibida.
- No caso de non presentar as cualificacións correspondentes, o estudante terá que devolver o importe da axuda recibida e será motivo de exclusión en posteriores convocatorias.

Calendario da convocatoria: prazos

Publicación da convocatoria	28/01/2021
Límite de presentación de solicitudes	26/02/2021
Publicación das listaxes provisorias de selección	05/03/2021
Prazo de reclamacións	09/03/2021
Prazo de resolución das reclamacións	12/03/2021
Prazo de aceptación e renuncia e publicación de listaxe definitiva	10/07/2021

Comisión de selección

- O Xefe de estudos, que a preside.
- A Coordinadora de Programas Internacionais, que fai a labor de secretaria.
- A xefa e o xefe dos departamentos de Deseño de Moda e Deseño de Produto.

A presentación da solicitude para unha mobilidade Erasmus+ supón a aceptación en todos os seus termos das bases establecidas na presente convocatoria.

Santiago de Compostela, a 22 de Xaneiro de 2021

Asinado: Raquel Anta Barragán, vicedirectora e coordinadora de programas internacionais.